

## Relación de competencias delegadas pola Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

**Data do documento: 20 de decembro de 2018**

Neste documento recóllense as competencias que a Xunta de Escola (XE) da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEEA) da Universidade de Vigo ten delegadas nas diferentes comisións así como na dirección da Escola, sen prexuízo das competencias que lles atribúen o Regulamento de Réxime Interno da EEAE ou outras normativas. En cada caso se mencionará a data da xuntanza da XE na que se acordou a dita delegación. A XE poderá realizar calquera das funcións abaixo listadas, se así o considerase. A XE pode tamén cancelar calquera das delegacións se no futuro chega a un acordo para así facelo.

### **Deléganse na Comisión Permanente as seguintes funcións e competencias:**

- Xuntar información e traballar sobre propostas para a distribución de espazos da Escola. A aprobación da distribución de espazos recae, en calquera caso, na Xunta de Escola (XE 14/05/18).
- Nomeamento de representantes da EEAE en comisións, tribunais ou similares (por exemplo para a convocatoria INOU) (XE 14/05/18).
- Aprobación de cursos de formación, cursos complementarios e similares (XE 19/12/18).
- Xestión e aprobación de todo o referente ás axudas de actividades extraacadémicas e de difusión cultural (XE 19/12/18).
- Aprobación de comisión redactoras para as memorias de mestrados (XE 19/12/18).
- Elección de responsable de difusión del centro, enlace de igualdade, coordinador de mobilidade, coordinadores de grao, de cursos, etc. (XE 19/12/18)
- Elección de membros das comisións académicas de mestrados, cando un mestrado se instaure por primeira vez (XE 19/12/18).
- Aprobación de avales para doutorados Honoris Causa (XE 19/12/18).
- Aprobación da distribución de orzamento para material de docencia (XE 19/12/18).
- Elección do día non lectivo en relación ao patrón do centro, se fose necesario (XE 19/12/18).

**Deléganse na Comisión de Garantía Interna de Calidade as seguintes funcións e competencias:**

- Revisión e xestión da web (XE 14/05/18).

**Deléganse na Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos as seguintes funcións e competencias:**

- Todas as decisións referentes á admisión por recoñecemento de créditos (XE 19/12/18).
- Aprobación de aulas de exame ou pequenas correccións no calendario de exames (XE 19/12/18).
- Asignación de titores/as dentro do Plan de Acción Tutorial no Grao de Enxeñaría Aeroespacial (XE 19/12/18).
- Revisión de solicitudes de matrícula a tempo parcial (XE 19/12/18).
- Aprobación de solicitude de recoñecemento de créditos de libre elección por asistencia a xornadas, eventos ou outras actividades (XE 19/12/18).
- Aprobación definitiva das guías docentes de grao (despois da súa aprobación pola comisión de calidade). Os membros de Xunta de Escola deben ser informados previamente e aqueles que o desexen poderán asistir á reunión da comisión (XE 19/12/18).

**Deléganse na dirección as seguintes funcións e competencias:**

- Xestión do Foro AERO (XE 14/05/18).
- Aprobación de pequenos axustes e modificacións nos horarios e na planificación académica que sexan precisos por causas sobrevidas. Cando se realice unha modificación deste tipo, o alumnado e profesorado afectados deberán ser informados, sen ser suficiente a publicación do calendario corrixido na web da EEAE (XE 19/12/18).
- Xestión dos formularios da EEAE (XE 19/12/18).